



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

4.- PROPOSTA DE CREACIÓN DA CANLE DE ALERTAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PREVISTO NO OBXECTIVO OPERATIVO 2.2.3 DO PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN. EXPTE. 6695/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/12/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.– O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na *“Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana”* da *Federación Española de Municipios y Provincias*, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó **Código de Bo Goberno Local** da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

Segundo.– En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno. A composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación actualizouse por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data de 3 de decembro de 2021 (en virtude da delegación por acordo da Xunta do Goberno local do 12/12/2019) como consecuencia da reorganización da Secretaría de Goberno local.

Terceiro.– O Plan de Integridade aprobouse pola Xunta de Goberno Local en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 09:38	Páxina 1 de 17
	Expediente 6695/241	CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.– Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.– Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.

Terceiro.– Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.

Cuarto.– Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.”

Cuarto.– Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería–Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.

Quinto.– O Plan de Integridade da contratación, marco estratéxico, recolle a “liña estratéxica 2: tirarlle partido á tecnoloxía”, partindo da consideración da tecnoloxía como un dos alicerces do goberno aberto, ao servizo dunha boa administración e como ferramenta ao servizo da xestión do coñecemento. E, dentro desta liña, o “obxectivo estratéxico 2.2: Establecer mecanismos de detección e alertas”, diríxese a mellorar o marco de control dos riscos e avanzar en rendición de contas. Con esta finalidade, o marco estratéxico, establece que “o seu desenvolvemento operativo incluírá mecanismos de detección interna xunto cun portal open data e canles electrónicas de comunicación coa cidadanía. No deseño terase en conta a recente aprobación da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión”.

En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico 2.2, o plan de integridade, a nivel operativo, recolle dous obxectivos operativos:

- O obxectivo operativo 2.2.2. “Establecer un portal *open data*”, que está en marcha, a partires do acordo da Xunta de Goberno local do 24 de xaneiro de 2020, que



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 2 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



aprobou o “proxecto de creación e publicación do portal de datos abertos (*open data*) do Concello de Vigo” (expediente 8924/113), na actualidade operativo en <https://datos.vigo.org/es/>

- O obxectivo operativo 2.2.3. “Abrir un buzón electrónico de alertas”, que nos ocupa.

Sexto.– Logo de diversas sesións do Comité Técnico do Plan de Integridade para a súa elaboración, formulouse un proxecto de informe proposta de aprobación, que se someteu ao citado Comité na sesión de data 20 de decembro de 2021, que acordou solicitar informe ao Delegado de protección de datos e formular proposta ao órgano de contratación.

Sétimo.– Consta no expediente o informe do delegado de protección de datos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

–I–

Da integridade

A presente proposta comparte a fundamentación xurídica que conduciu á aprobación do plan de integridade da contratación, no acordo da Xunta do Goberno local do 12 de decembro de 2019 e na Resolución da Concellería de contratación, patrimonio e xestión municipal do 17 de decembro de 2019.

Tal e como alí quedou expresado, a integridade, en principio, é unha cualidade predicable das persoas. Con todo, vense empregando para cualificar sistemas. Nesa liña tiveron unha enorme relevancia os traballos da OCDE. Esta organización considera que a integridade é esencial para a construción de institucións fortes que lle garantan á cidadanía que o goberno traballa ao seu servizo.

O 26 de xaneiro de 2017 adoptou formalmente a *Recommendation on Public Integrity*, na que explica que a integridade pública se refire á adopción dunha postura clara de adhesión e aliñamento cos valores, normas e principios éticos compartillados para defender e priorizar o interese público sobre os intereses privados no sector público.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 3 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En materia de contratación, a OCDE conta cunha recomendación específica, a *Recommendation of the Council on Public Procurement* do 18 de febreiro de 2015. O apartado I define a integridade na contratación entendendo que “se refire a que o uso dos fondos, os recursos, os activos e as autorizacións, é conforme aos obxectivos oficiais inicialmente establecidos, e a que do devandito uso se informa adecuadamente, que é conforme ao interese público e que está debidamente harmonizado cos principios xerais do bo goberno”.

Esta Recomendación subliña a “gobernanza” da contratación pública, considera que a contratación pública ben gobernada contribúe a unha maior confianza pública, un maior benestar e unhas sociedades máis prósperas e inclusivas.

A nivel europeo, debemos ter en conta o Informe da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo feito en Bruxelas, o 3 de febreiro de 2014, COM (2014) 38, que expresa a necesidade de conseguir unha cultura da integridade con referencia aos Principios da OCDE de 2009.

Pouco despois publicaríanse as Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014, relativas aos contratos de concesión e sobre contratación pública, respectivamente, que manifestan unha clara preocupación por esta temática.

Ademais, mencionando expresamente a recomendación sobre contratación pública da OCDE, a Comisión Europea aprobou a Recomendación (UE) 2017/1805 da Comisión, do 3 de outubro de 2017, sobre a profesionalización da contratación pública: “Construír unha arquitectura para a profesionalización da contratación pública”. Nesta Recomendación, aparece a concreta alusión á integridade, sinalando no apartado III.7. que os Estados membros deben apoiar e promover a integridade, a nivel individual e institucional, como parte intrínseca da conduta profesional, proporcionando ferramentas para garantir o cumprimento e a transparencia e a orientación para previr irregularidades.

Ademais dos marcos de integridade, resulta necesario incorporar o enfoque de análise que nos ofrece o principio de boa administración, así como os mecanismos que se propoñen no seu desenvolvemento. O dereito a unha boa administración foi introducido con tal denominación no artigo 41 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Este dereito atópase recoñecido no noso ordenamento xurídico, a nivel constitucional nos artigos 9.3, 31.2 e 103, da CE, sendo frecuente xa a súa cita na xurisprudencia (SSTS 18/12/2019 e 15/1/2020, entre outras).

Desde os postulados deste principio considérase que a loita contra a mala xestión e mesmo a loita contra a corrupción é posible se non se basea exclusivamente na represión, senón



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 4 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



tamén na súa prevención, mediante unha mellora do funcionamento das institucións que garanta a imparcialidade e a loita contra a desigualdade.

A mala administración pode ser resultado de malas decisións baseadas en erros do xuízo humano e da elección que realizan as autoridades decisorias. Ademais, o coñecemento experto tamén pode incorrer en erros de xuízo, polo que, atendendo a que as decisións públicas se adoptan nun marco institucional, propónse ter en conta o deseño organizativo e procedemental para contrarrestar as limitacións cognitivas expostas.

No plano legislativo estatal, sobre a integridade pública, debe terse en conta o disposto nos artigos 1, da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTBG) no ámbito político, e no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público (TREBEP) no ámbito do emprego público. Especificamente, para a xestión da actividade contractual aprobouse a nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que expresa como principio novo da contratación no seu artigo 1.1 o principio de integridade. En coherencia coa súa proclamación, introduce a necesidade de contar con mecanismos preventivos en materia de contratación pública, incrementa significativamente as obrigacións de transparencia, regula por primeira vez o conflito de intereses, prevé as consultas preliminares ao mercado, regula as condicións especiais de compatibilidade, regula un incidente para posibles prácticas colusorias, oríentase cara a unha maior profesionalización (composición das mesas de contratación) e crea a Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), entre outros elementos vinculados a ese obxectivo de procurar unha maior honestidade, mellor consecución do interese xeral e máis eficiente utilización dos fondos públicos.

A LCSP recolle ao longo do seu articulado un conxunto de medidas e mecanismos que apostan por conformar un sistema de integridade institucional en materia de contratación pública, marco no que o Concello de Vigo ven dando xa pasos dende hai tempo, como o amosan os ítems sinalados nos antecedentes da presente proposta

En concreto, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no artigo 64 introduciu a obriga de que os órganos de contratación establezan "medidas de loita contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores". O que deu lugar á posta en marcha do plan de integridade da contratación, para o establecemento dun sistema preventivo ou de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 5 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

cumprimento normativo.

Os sistemas preventivos, sexa desde o postulado dos marcos de integridade, do principio de boa administración ou dos programas de cumprimento normativo (compliance), identifícanse por un deseño institucional de cara á creación dun sistema e unha cultura íntegra, cunha rendición de contas eficaz, empregando un conxunto de ferramentas e instrumentos interrelacionados entre os que resulta ser común, entre os que que figura a existencia dunha canle participativa aberta ás formulacións de integridade ou mellora e que permitan informar, de forma segura, de calquera incidencia na boa marcha do proceso, de xeito seguro, mesmo de xeito anónimo, como se irá perfilando a través de diversa normativa.

O avance dos programas de cumprimento normativo (ou *compliance*) no Sector privado foi rápido, de orixe e tradición anglosaxoa, a súa xeneralización en España vén motivada pola introdución da responsabilidade penal das persoas **xurídicas** (a excepción das Administracións públicas, entre outras) coa reforma do Código penal polo 5/2010, de 22 de xuño, coa no artigo 31.bis; ata ese momento só as persoas **físicas** podían ser responsables penalmente. Estes programas de “cumprimento normativo” consolídanse cunha ampliación da regulación nesta materia coa reforma polo 1/2015. En España trasladáronse con forza nos últimos anos ao Sector público con medidas que colgan do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014–2020, dentro do marco da Estratexia do Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (EDUSI) que esixía toda unha serie de disposicións propias deste tipo de programas, entre elas canle de denuncia. O Estado habilitou a estes efectos de fondos europeos a canle de información coñecida como “infofraude”, nos termos establecidos pola Comunicación 1/2017 del Servicio Nacional de Coordinación Anti-fraude.

En Galicia, a partir da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, atribúenselle especificamente ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico–financeira do sector público da Comunidade Autónoma, abranguendo ás entidades locais, tal e como quedou redactado o artigo 2.1.b da Lei do Consello de Contas.

Interesa destacar que, segundo a *Estratexia en materia de prevención da corrupción* aprobada pola Sección de Prevención da Corrupción do 20 de decembro de 2017, https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corrupcion/Estratexia_%20prevencion_G.pdf :



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 6 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



“no eido público, a integridade identifícase coa observancia dos valores e principios de boa administración. Nun entorno íntegro, os servidores públicos cumprirán coas súas responsabilidades, exercerán as súas atribucións e utilizarán a información e os recursos públicos á súa disposición en beneficio do interese xeral ao que serven.

A integridade configúrase así como un pilar da actuación das institucións públicas, cun enfoque distinto ao do mero cumprimento legal, e deberá ser abordada desde unha perspectiva global que a sitúe como punto de partida para o desenvolvemento dunha actuación enfocada á xeración de valor público. O cambio real e efectivo, como promoveu no seu día a OCDE, só se pode realizar a través da configuración de Marcos de Integridade Institucional. A finalidade destes marcos non é só evitar riscos de malas prácticas e de corrupción, senón tamén fortalecer o clima ético das estruturas organizativas procurando paliar desincentivos ou estímulos perversos que se lle poidan presentar ou ofrecer ás persoas integrantes daquelas, tanto interna como externamente.

Así, as políticas de loita contra a corrupción deberán incorporar un conxunto de instrumentos, procesos e estruturas que, integrados holisticamente, constitúan marcos de incentivos e construcións a través da combinación de dous enfoques: o reactivo e o preventivo.

Por un lado, a organización debe facer todo o que estea ao seu alcance para remover as tentacións que poidan inducir a actuacións inadecuadas (prevención). Por outro, debe adoptar medidas para o caso de que os servidores públicos actúen inadecuadamente (reacción).

En todo caso, deberán acometerse as medidas necesarias para facilitar as actuacións seguintes:

- O deseño de procesos formais (sistemas de control interno) que produzan un efecto disuasorio nos servidores públicos.
- O establecemento de obxectivos institucionais razoables e acadables.
- A concienciación dos servidores públicos de xeito periódico e claro sobre a importancia da integridade e os valores éticos no exercicio do seu cargo.
- A actuación exemplarizante dos mandos superiores.
- O fomento dunha cultura aberta e transparente que permita unha



comunicación libre con respecto á integridade e o comportamento ético.

- A articulación de mecanismos de denuncia efectivos que permitan coñecer posibles actos corruptos e aseguren o anonimato dos denunciantes.

A integridade será, polo tanto, o resultado da adecuada combinación entre as boas prácticas dos servidores públicos, a correcta dirección, e o adecuado establecemento do control interno”

-II-

Da canle de alertas

A incorporación dunha canle de denuncia non é de todo novidosa no caso do Concello de Vigo, pois as esixencias derivadas da xestión de fondos europeos tamén introduciron na cultura municipal un conxunto de instrumentos de loita contra as malas prácticas, a fraude e a corrupción, que responden á idea do “ciclo antifraude”.

Tal e como anticipábamos, da man dos fondos EDUSI foron incorporándose ao sector público ferramentas propias dos programas de cumprimento normativo, cunha rápida asimilación por esta vía dos seus elemento característicos: o aliñamento e o compromiso institucional, mediante a declaración antifraude, os mapas de riscos, os conseguíntes plans de acción, o comité de autoavaliación, o establecemento de canles de denuncia e procedementos.

Así, pódense consultar na páxina do Concello de Vigo, parte das medidas antifraude adoptadas no seguinte enlace: https://hoxe.vigo.org/conecenos/vigo_vertical10.php?lang=gal#/

“No manual de procedementos das Entidades Dusi se recolle o procedemento de recepción, análise e resolución das reclamacións que se poidan presentar e que poderán realizarse a través dos seguintes enlaces:

- Rexistro do Concello: https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=100&lang=es
- Buzón denuncias antifraude do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA): <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 8 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Estes procedementos se axustan á Comunicación 1/2017, de 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude o irregularidade en relación con proxectos u operacións financiados total o parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea”.

O mesmo sucede cos fondos *NextGenerationEU*, en concreto o artigo 6 da Orde HFP/ 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, prevé o reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese.

Así, os órganos xestores dos fondos europeos están obrigados a avaliar o risco de fraude, a cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñer dun procedemento para abordar conflitos de interese.

A efectos de acadar homoxeneidade, o anexo II.B.5 recolle un cuestionario de autoavaliación relativa ao estándar mínimos o anexo III.C. orientación sobre medidas de prevención, detección e corrección. No anexo IV, pode verse o modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Concretamente, o punto 5 do artigo 6 prevé un “Plan de medidas antifraude” que a entidade decisora ou executora dos fondos deberá aprobar. Este plan tamén deberá estruturar as medidas antifraude ao redor dos catro elementos chave do chamado “ciclo antifraude”: prevención, detección, corrección e persecución.

Tanto no eido da prevención como no da detección a Orde prevé a existencia de cauces de denuncia, así como a posibilidade de enlace ao canal de denuncias do SNCA.

Finalmente, no marco estratéxico do Plan de Integridade da Contratación do Concello de Vigo, establecíase a referencia lóxica á consideración da Directiva (EU) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, coñecida como Directiva *Whistleblower ou Whistleblowing*, da que o seu prazo de transposición está previsto para o 17 de decembro de 2021, sen que dita transposición normativa se producise a día de hoxe, o que dificulta o deseño de calquera medida, tendo en conta a falta de desenvolvemento a nivel lexislativo de norma reguladora e a carencia de postestade desa natureza para as Entidades locais.

En consecuencia, o contexto de posta en práctica deste obxectivo operativo caracterízase polas seguintes circunstancias:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 09:38	Páxina 9 de 17
	Expediente 6695/241	CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O marco normativo descrito ata o presente fundamento xurídico
- A contratación pública atópase dentro do ámbito de aplicación material a Directiva e no ámbito de aplicación subxectivo se prevé que os Estados Membros só poderán prever a exclusión de Concellos de menos de 10.000 habitantes (artigos 1, 2 e 8 da Directiva).
- No entanto, non se aprobaron as normas habilitantes e que configuren as canles e procedementos de denuncia interna e de seguimento, para o seu correcto desenvolvemento por esta Administración.
- Dita transposición non debería atrasarse no tempo, considerando que o prazo de transposición prevese na norma para o 17 de decembro de 2021, coas posibles consecuencias xurídicas a que isto poida lugar nos termos da xurisprudencia europea (Sentenza Marshall, 26-2-1986, entre outras)
- O Plan de Integridade da Contratación de Vigo, previa a existencia dunha canle participativa, de maneira que se habilitase na sede electrónica un canal específico que permitise formular alertas sobre factores de risco en materia de contratación, que puidesen ser comprobados e, polo tanto, que permitan prever, evitar ou corrixir disfuncións, velando polo cumprimento no proceso de contratación.

Nestas circunstancias, de cara a progresión no plan de integridade, propónse un deseño dunha canle participativa en materia de contratación, que permita alertas, no marco normativo existente, pero coas limitacións que del resultan, consonte ao principio de legalidade e á súa vinculación positiva.

No seu deseño tense en conta a regulación da Directiva, naqueles aspectos compatibles co actual réxime xurídico vixente, considerando que a previsión dunha entrada anónima é a que, nestas circunstancias pode ser adoptada como medida de protección da persoa informante desde o eido local. A posibilidade do anonimato está prevista no noso ordenamento xurídico para as canles internas no artigo 24 da Lei Orgánica de Protección de Datos. Na actualidade, tamén a xurisprudencia admite esta posibilidade de entrada anónima con efectos limitados, como noticia inicial da que poder examinar a súa verosimilitude e, de ser o caso, será esta comprobación a que dará lugar ao acordo ou resolución de inicio do procedemento consonte ao previsto no artigo 58 da Lei de procedemento administrativo común, así, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 3 de abril de 2018 e mesmo no eido penal, especial interese, ten a a STS de 6/2/2020, ponente Vicente Magro Servet, que considerou un caso en que a primeira alerta se produciu de xeito anónimo, e con alusión á Directiva Whistleblowing sinala ás canles de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 10 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



denuncia como vías cunha "alta eficacia al constituir el arranque de la investigación como "notitia criminis" (...). En definitiva, se busca reforzar la protección del whistleblower y el ejercicio de su derecho a la libertad de expresión e información reconocida en el artículo 10 CEDH y 11 de la Carta de los Derechos Fundamentales de la UE ".

A entrada e o seguimento encoméndase a un Comité de Integridade (previsto no obxectivo operativo 3.4.3 do plan), que contará con autonomía funcional e non estará suxeito a ordes xerárquicas. Este Comité será co encargado de ditaminar a información, e encauzala, de cara ao departamento que proceda, dando lugar ao inicio procedemento correspondente (en materia de contratación, v.gr. conflito de intereses, en materia de recursos humanos, v.gr. inspección de persoal etc.). Especificando que en ningún caso pode cumprir funcións propias doutras autoridades e organismos oficiais.

Finalmente debe terse en conta, a necesidade do enlace ao SNAC, e ao mecanismo de entrada "Infofraude", nos termos que o Concello de Vigo xa ven incorporando desde a súa participación nos fondos "EDUSI", dando cumprimento ás previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como á progresiva incorporación de información doutras canles externas, tal e como, tamén prevé a Directiva europea.

-III-

Competencia

A competencia orixinaria correspóndelle á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, ao abeiro do disposto no artigo 64, e Disposicións Adicionais. Segunda e Terceira da LCSP. Na actualidade, dita competencia para o desenvolvemento operativo e implantación do plan de integridade atópase delegada por acordo do 12 de decembro de 2019 na Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal. No entanto, en liña cos compromisos asumidos previamente pola Xunta de Goberno local, entre outros acordos, na declaración antifraude e na declaración da integridade, considérase axeitada a avogación de competencias, consonte ao previsto no art. 10 da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do Sector público.

-IV-

Recursos

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/01/2022 09:38	Páxina 11 de 17
	Expediente 6695/241	CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O réxime de recursos é o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións público, en relación coa Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases réxime local, e Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

PROPOSTA DE ACORDO

En base ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Avogar a competencia delegada no acordo da Xunta de Goberno local do 12 de decembro de 2019 puntualmente para a adopción do presente acordo de creación da canle prevista no obxectivo operativo de 2.2.3 do Plan de Integridade da Contratación.

Segundo: Aprobar a creación da canle de alertas en materia de contratación, consonte aos seguintes principios de funcionamento e xestión:

1. Obxectivos e características xerais

A canle electrónica de alertas é unha canle electrónica específica de participación habilitada na sede electrónica da Administración municipal que permitirá á cidadanía realizar suxestións e alertar sobre factores de risco, infraccións do código ético ou infraccións normativas, que poidan ser obxecto de comprobación, e, polo tanto, que permita previr disfuncións, corrixir incumprimentos normativos e mellorar o proceso da contratación municipal.

Esta canle permitirá a presentación de informacións, alertas ou denuncias que irán directamente ao comité responsable da súa xestión e, ademais, permitirá unha entrada para alertas, que garantirá o anonimato da persoa que a realiza.

A implantación técnica permitirá preservar o anonimato e manter a comunicación co Comité xestor e coñecer o estado de tramitación, sempre e canto a persoa informante conserve un código único que lle será facilitado no momento de efectuar a comunicación.

A información facilitada por esta vía non poderá usarse cunha finalidade distinta á prevista para a posta en marcha do sistema.

Esta canle non é axeitada para informacións ou alertas das que o seu coñecemento ou tramitación correspondan aos órganos xudiciais, fiscalías ou policía xudicial.

Trátase dunha canle participativa co fin de desenvolver os valores do bo goberno e boa administración no marco da introdución do ciclo de mellora continua no eido da



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 12 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



contratación pública.

2. **Ámbito de aplicación**

2.1. Obxectivo. O ámbito de aplicación da canle será o propio das funcións e competencias propias dos servizos e órganos do Concello de Vigo, en materia de contratación municipal, sen prexuízo da decisión de adhesión que poidan adoptar os demais organismos e entidades vinculadas, na mesma materia.

2.2. Subxectivo. Esta caixa de entrada de alertas estará accesible a toda a cidadanía e, polo tanto, tamén ás persoas empregadas públicas e a aquelas outras persoas que se relacionan coa Administración en materia de contratación (licitadores, provedores, contratistas, etc.). Sen que a utilización desta canle poida conlevar en ningún caso consecuencia desfavorable para a persoa usuaria, agás nos termos previstos no ordenamento xurídico para a mala fe ou abuso de dereito. A estes efectos prevese a confidencialidade e a posibilidade de empregar un acceso anónimo.

3. **Xestión e funcionamento**

3.1. A xestión da canle telemática de alertas levarase a cabo polo Comité de Integridade Contractual, que ditaminará sobre a procedencia de archivar a información ou de incoar o procedemento correspondente. O Comité actuará con plena autonomía funcional e sen suxeición a orde xerárquica ningunha.

3.2. Recepción de solicitudes, denuncias ou alertas.

A recepción efectuarase pola Secretaría do Comité, no prazo máximo de sete días, xerándose un acuse de recibo automático no momento en que se produza a recepción.

A Secretaría, convocará aos seus membros con fixación dunha data para a sesión que atenderá á natureza, gravidade ou urxencia da información recibida, e, en todo caso, deberá convocala para non máis tarde do décimo día hábil a contar desde a súa recepción.

No caso de alertas ou denuncias relativas a un membro do Comité, a persoa sobre a que verse a información absterase de tomar partido en dita reunión. Se a Secretaría o advertise da mera lectura da información, non o convocará a reunión, poñéndolle de manifesto esta circunstancia á persoa afecta, e dará conta deste extremo na



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 13 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

primeira reunión que se leve a cabo.

3.3. Admisión e comprobación de verosimilitude.

3.3.1. O Comité analizará en primeiro lugar, á admisibilidade da información, comprobando a estes efectos, en primeiro lugar, se a información recibida está dentro do obxecto e ámbito de aplicación da canle, procedendo noutro caso á ditaminar a procedencia da inadmisión da información, deixando constancia en acta dos motivos.

3.3.2. En segundo lugar, analizarase a verosimilitude da información recibida, en caso de que resulte inverosímil, ditaminarase o seu arquivo deixando constancia en acta dos motivos.

3.3.3. Unha vez ditaminada a procedencia da inadmisión ou arquivo, formularase proposta de arquivo das actuacións á Concellería que teña delegada a competencia relativa ao plan.

3.3.4. Se o contido da alerta non está relacionado co obxecto da canle, darase traslado da mesmas aos órganos competentes que proceda.

3.4. Tramitación, ditame e remisión ao órgano competente

3.4.1. Unha vez admitida, procederase ao exame e análise da información, de cara a determinar a súa relevancia desde o punto de vista do principio da integridade da contratación e, de ser o caso, proceder a ditaminar o seu arquivo deixando constancia na acta dos motivos ou ben a formular proposta de mellora ou recomendacións, ou, de ser o caso, ditaminar o procedemento e servizo competente para á súa tramitación e elevación ao órgano competente para a súa resolución.

3.4.2. Cando o considere necesario o Comité, a través da Secretaría, poderá solicitar asesoramento especializado e colaboración de calquera das persoas ao servizo da Administración municipal.

3.4.3. Os ditames do Comité non serán vinculantes e serán remitidos, xunto coa información que os motivou e o acuse de recibo xerado polo sistema, aos departamentos e concellerías competentes por razón da materia para a súa tramitación e posterior resolución ou, no caso de que formulen recomendacións, para a súa valoración e, de ser o caso, posterior adopción



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 14 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



de medidas.

3.4.4. Os departamentos notificarán ao Comité, así como a persoa informante, agás nos supostos de anonimato, as decisións adoptadas sobre a tramitación. En todo caso, no prazo máximo de tres meses desde o acuse de recibo da información, deberá dársele resposta ao informante sobre a tramitación dada á súa solicitude, alerta, denuncia ou comunicación poñéndoa á súa disposición.

3.5. O acceso ás informacións e datos limitarase aos membros de Comité ata o seu ditame final e, á partires do seu reenvío ao departamento competente para a tramitación do procedemento a que puidese dar lugar, única e exclusivamente persoas con responsabilidades na instrución e resolución, nos termos legalmente establecidos para o correspondente procedemento. Todas as anteditas persoas que teñen acceso por razón do exercicio das súas funcións de xestión e control ás informacións respectarán o deber de confidencialidade, agás que exista obriga de revelación por mor das normas reguladoras dos diferentes procesos xudiciais ou que o propio informante o revele ou o autorice.

3.6. A información obtida por esta vía non poderá usarse cunha finalidade distinta á prevista para a posta en marcha do sistema.

En caso das denuncias, a información relativa ao denunciante debe quedar a salvo e non se facilitará a súa identificación ao denunciado no sistema de información da canle de alertas, sen prexuízo dos dereitos que poidan corresponder ás persoas interesadas nos procedementos a que dea lugar, unha vez remitido ao departamento competente para a súa tramitación.

3.7. Os datos da persoa que presente a información e de terceiros conservaranse no sistema de información da canle de alertas, polo tempo imprescindible para que o Comité adopte o seu ditame. En todo caso, transcorridos tres meses desde a introdución dos datos, unicamente se conservarán e arquivarán os datos persoais relativos ao funcionamento do sistema, inherentes ás actuacións realizadas, co fin de acreditar o seu funcionamento como un dos elementos integrantes do marco de integridade da contratación, de permitir a trazabilidade das denuncias e o tratamento dado ás mesmas.

4. Normativa de protección de datos

Todo tratamento que conleve o tratamento de datos persoais incluído o intercambio



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 15 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ou transmisión de datos persoais polas autoridades competentes, realizarase de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 e a Directiva (UE) 2016/680. Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha denuncia específica ou, se se recompilan por accidente, eliminaranse sen dilación indebida.

5. Informe e mellora continua.

Transcorrido un ano desde a súa implantación o Comité elaborará un informe dirixido ao órgano de contratación no que deixará constancia das comunicacións e informacións recibidas de forma anonimizada e no que sintetice a súa actividade, coas propostas que considere de cara á mellora continua do sistema.

Terceiro: Habilitar na sede electrónica da Administración municipal e no portal do empregado do Concello de Vigo o acceso ao enlace da canle de alerta.

Cuarto: Manter o establecemento do enlace ao canal de denuncias do Servizo Nacional de Control Antifraude de maneira facilmente identificable e accesible.

Quinto: Manter a delegación na Concellería delegada de contratación, patrimonio e xestión municipal acordada o 12 de decembro de 2021, para o desenvolvemento operativo do plan e a súa implantación, para o que contará co apoio técnico do Comité Técnico de Integridade na Contratación, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas de dos servizos municipais.

Sexto: Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Portal municipal de Transparencia e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Sétimo: Contra o presente acordo, que esgota vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo máximo dun mes ante este mesmo órgano consonte ao establecido nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, consonte ao previsto nos arts. 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 16 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/01/2022 09:38

Páxina 17 de 17

Expediente 6695/241

CSV: 2D8HAA-592F81-B6A54C-GDVJ41-9JHY4N-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>